

## **CONVOCATORIA DE 22 DE XANEIRO DE 2025 PARA AMPLIAR AS LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE CONTROL DE CÁMARA NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.**

---

### **1. OBXECTO**

Selección de 2 persoas para a ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de control de cámara para cubrir as necesidades existentes na Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.

### **2. PUBLICIDADE**

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG, <https://www.crtvg.gal/gl/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

### **3. CATEGORÍA LABORAL**

A categoría engloba as persoas que posúen as características ou desenvolven as funcións, e poidan asumir as seguintes tarefas ou responsabilidades:

Ten coñecementos de técnica operativa de vídeo e analiza, controla e axusta sinais de vídeo e iguala tomas de cámaras no plató e en exteriores, segundo as características cromáticas e luminosas da imaxe.

Realiza os axustes precisos para as operacións dos equipos; asesora ao realizador sobre as características cromáticas e luminosas da imaxe, achegando a súa propia iniciativa.

## 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

### 4.1. Requisitos xerais:

4.1.1. Ter cumplido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españoles, dos nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuge, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

4.1.3. Posuir capacidade funcional para o desenvolvimento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencia.

No caso de ser persoa nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

### 4.2. Requisitos Específicos:

4.2.1. Estar en posesión da titulación de Ciclo superior en iluminación, captación e tratamiento de imaxe ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

## 5. TRIBUNAL

5.1. O tribunal encargado de valorar as probas estará formado polas seguintes persoas:

- Presidencia: Agustín Deus Sixto (Subdirector de Medios da Corporación RTVG)
- Vogal: Manuel Álvarez Esmorís (Control de Cámaras na Corporación RTVG)
- Vogal: Ramón Novo Folgueira (Asesor lingüista da Corporación RTVG)
- Secretaría: Mercedes Blasco Zas (Xefa do Servizo de Formación e Selección da Corporación RTVG)

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte ao principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. As persoas membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranlo á persoa que efectuou o nomeamento.

As persoas aspirantes poderán recusar ás persoas que integran o tribunal cando concorran neles algúna das circunstancias referidas no parágrafo anterior consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A autoridade que convoca publicará na páxina web da CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros do tribunal que substituirán ás que perdesen a súa condición por algúna das causas previstas nesta base.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que precisen adaptacións poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarase de elaborar e cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que componen o tribunal encargaránse da elaboración e puntuación do resto das probas, coa excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas o algúna das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias

previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Régime xurídico do sector público e notificaránlo ao órgano que convoca.

## **6. PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo proceso.selección@crtvg.gal unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado no que conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. Certificado correspondente ao nivel de coñecemento de lingua galega do Celga 3 ou superior.

6.1.5. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo I se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o 29 de xaneiro de 2025.

6.3. As persoas que posúan o Celga 3 estarán exentas da realización da proba de galego. Para a acreditación deberán achegar o certificado xunto á solicitude.

6.4. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso.

6.5. O tribunal publicará na páxina web de CTVG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación e seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media.

Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións ou emendas do defecto que motivou a exclusión no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes. Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal). O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web da Corporación RTVG. Xunto coa listaxe definitiva publicarase a relación de persoas exentas de realizar a proba de coñecemento de lingua galega por ter acreditado estar en posesión do Celga correspondente.

## 7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

A data de realización de todas as probas será acordada polas persoas membros do Tribunal. A mencionada data anunciarase na páxina web da Corporación RTVG no momento de publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas. As persoas aspirantes deberán estar á hora que anunciará na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través das seguintes probas:

### **7.2.1. Un exercicio teórico tipo test (40 puntos)**

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte e cinco preguntas (40) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, más cinco (5) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterá catro respuestas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respuestas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de cincuenta (50) minutos e cualificarase de 0 a 40 puntos.

### **7.2.2. Un exercicio práctico sobre o contido do programa recollido no Anexo II (60 puntos).**

Un exercicio de carácter práctico que permita demostrar os coñecementos do programa.

A proba cualificarase de 0 a 60 puntos.

### **7.2.3. Un exercicio tipo test de coñecemento de lingua galega**

Esta proba, de carácter eliminatorio, terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado Celga 3 e as súas cualificacións serán unicamente de **apto** ou de **non apto**. Para ter a cualificación de apto deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga correspondente. En caso de non acreditar a posesión do nivel correspondente de Celga, a non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

Para superar o proceso, as persoas aspirantes deberán obter unha cualificación mínima de 50 sobre 100 na suma total de todas as probas, sen contar a proba de lingua galega.

## **8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS**

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas na páxina web de CRTVG.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra esos resultados provisionais de cada proba no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico [proceso.selección@crtvg.gal](mailto:proceso.selección@crtvg.gal).

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

## **9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES**

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dado pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

- 1º. Aspirante de sexo feminino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.

4º. Aspirante de maior idade.

5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

## **10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais a contar desde a súa publicación.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando cal é/son a/s persoa/s que superou/superaron o proceso, que non poderá superar o número de aspirantes nos que se pretende ampliar a listaxe.

10.3. As persoas que superen o proceso de selección serán automaticamente incluídas na listaxe de contratación temporal correspondente á categoría convocada, segundo as seguintes disposicións:

10.3.1. A ampliación de listaxe de contratación ao abeiro desta convocatoria será válida aos efectos de cubrir as necesidades de contratación temporal da Corporación RTVG na categoría indicada, sen que xere efecto ningún na adquisición de indefinición ou fixeza laboral.

10.3.2. As persoas que superasen o proceso, sen exceder do número máximo que figure na convocatoria incluiranse na listaxe pola orde acadada e sempre a continuación da última persoa que figure na listaxe derivada das OPE celebradas. Estas persoas manterán o seu posto na listaxe.

10.3.3. Esta listaxe será de aplicación para as contratacóns temporais realizadas a través deste procedemento e terá vixencia ata a resolución de novas Ofertas Públicas de Emprego.

10.4. As persoas seleccionadas deberán posuér a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se derivan do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Corporación RTVG poderá esixir ás persoas seleccionadas un informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

No caso de que a persoa aspirante seleccionada non acredeite contar con estes requisitos, declinarase a proposta a favor da persoa seguinte con maior puntuación.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados cos fins indicados durante todo o período das prácticas, e da vixencia da listaxe de contratación se fose o caso, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

Ás persoas aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamiento de datos, informándolle de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025



Víctor Tubío Villar

Director do Departamento de Recursos Humanos

Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA AMPLIACIÓN  
 DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE CONTROL DE CÁMARA**

**ANEXO I**

---

Nome e apelidos	
Nº DNI, NIE...	
Enderezo	
Correo electrónico	
Teléfono	

Grao de discapacidade	
Adaptación de tempo e/ou medios	

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA	
	Curriculum vitae
	Fotocopia DNI
	Acreditación da titulación e da nota media do expediente
	Certificado de discapacidade
	Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requerido

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

## ANEXO II

### PROGRAMA DO PROCESO SELECTIVO

- Conceptos de colorimetría en TV.
- Sinal de vídeo SD e sinal de vídeo HD.
- Aparatos de medición básicos. Monitor en forma de onda e Vectroscopios dixitais
- Valoración e interpretación dos sinais.
- Axuste de cor.
- Axustes de luminancia.
- Axustes de textura e suavidade.
- Solución de problemas en programas de directo.
- Igualación de cámaras
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar, Título I, Capítulos II e V do Título II e Capítulo V do Título VI